



EXPEDIENTE	CONSELLO ECONÓMICO SOCIAL. SESIÓN ORDINARIA 12.01.2016.	1/2016
TRÁMITE	Traslado de Decreto convocatoria.	

Participolle que, no día da data, o Sr. Alcalde ditou o seguinte Decreto:

“Por acordo plenario do 25.03.2000 apróbase o Regulamento do Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra (CES en adiante), regulamento que ven en ser publicado no BOP nº 70 do 10.04.2000.

A finalidade e funcións deste órgano sinálanse nos arts. 2 e 3 do seu regulamento, e mesmo plasma a previsión do art. 131 da Lei 7/1985.

Xa que logo, e de conformidade co precisado no art. 9 b) do citado Regulamento, resolvo:

**Primeiro.-**

Convocar aos membros do CES á sesión do Pleno deste órgano que terá lugar o vindeiro día 12, ás 19.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, sito no andar 3º do edificio de Michelena, 30.

**Segundo.-**

Fixar a seguinte Orde do día:

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior de 25.11.2015.
- 2.- Continuación da orde do día da sesión anteriormente celebrada:
  - Plan de emprego municipal. Análise de propostas sobre medidas para a reactivación do emprego. Proposta de dotación económica
  - Realización do plan estratéxico Pontevedra 2018, centrado nun estudo socioeconómico para analizar a situación actual e as posibles liñas de actuación a desenvolver, con vistas ao traslado de ENCE e, polo tanto, á recuperación das marismas de Lourizán.
- 3.- Dación de conta da estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado de Pontevedra.
- 4.- Rogos e preguntas.

**Terceiro.-**

Dar traslado da presente aos membros do pleno do CES, de acordo co sinalado no art. 8 b) do seu regulamento.

A documentación relativa aos asuntos incluídos na orde do día que fora facilitada á Secretaría, estará a disposición dos membros na Secretaría Xeral do Pleno do Concello, a efectos da súa consulta.

Isto sen prexuízo da súa remisión, xunto coa convocatoria, en soporte papel ou informático, de ser o caso.

**Cuarto.-**

A efectos de dar cumprimento as previsións regulamentarias en canto composición do Pleno do CES, entenderase:

- Que o representante de Caixa Pontevedra ou da entidade que resulte da súa fusión con Caixa Vigo- Caixa Ourense, será o representante da entidade **Fundación Galicia Obra Social**, en canto sucesora da desenvolvida polas anteriores, e dado o novo carácter estritamente bancario da entidade A BANCA. A tal fin procederáse á súa convocatoria, sen prexuízo do que, neste sentido, poidan comunicar ao respecto.

-O Delegado Provincial da Consellería da Xunta de Galicia que teña conferidas as competencias en materia de promoción económica e emprego será a persoa designada pola Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra.



***Quinto.-***

Por outra banda, habida conta da renovación do CES e téndose requirido ás diferentes entidades representadas a designación (ou confirmación) dos seus representantes por órgano con facultades suficientes ao respecto, **prégase a aquelas que non o teñan feito que acheguen, con anterioridade á sesión que se convoca, certificación acreditativa do sinalado.**

***Sexto.-***

Segundo o 24.3, par. 2º, da Lei 30/1992, aplicable por remisión da DF do Regulamento do CES, as entidades representativas de intereses xerais poderán substituír aos seus membros titulares por outros, debendo non obstante acreditalo con anterioridade ante a Secretaría do propia CES, Secretaría Xeral do Pleno do Concello de Pontevedra.”

Pontevedra, 08.01.2016.

O Secretario Xeral do Pleno,

Por substitución

José Carlos Castiñeira Piñeiro